

RESULTADOS DEFINITIVOS DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE OBRADOIRO DE EMPREGO MOAÑA LABORA HOSTALARÍA

Transcorrido o prazo de alegacións aos resultados provisionais presentáronse as seguintes, que o tribunal acorda resolver no senso que se indica:

DIRECCIÓN:

BLANCO LAGO, ESMERALDA- A Persoa candidata solicita que se lle valore un “Master universitario en investigación en xornalismo, discurso e comunicación” ben coma titulación complementaria ou coma formación complementaria. Analizadas polo miúdo as asignaturas deste master “semiótica da cultura e da moda, ciberpolítica e ciberdemocracia, novas tendencias na escrita...” este tribunal non considera que estean directamente relacionadas coas funcións da dirección que figuran na base segunda das bases de selección do proceso selectivo. Solicita a demandante que se revise a valoración do resto da súa formación complementaria, revisada, obtén a mesma puntuación. Tamén solicita a demandante que se lle valore a situación de desemprego. De toda a documentación que obra no seu expediente se extrae claramente que a candidata non se atopaba en desemprego no momento de presentación da solicitude ao proceso selectivo, e neste, coma en todos os procesos de selección da administración pública, os méritos e situacións que se valoran teñen como referencia as datas do prazo de presentación de solicitudes. **Alegación desestimada**

LAGO PORTELA, MARÍA JOSE- Solicita que se lle valore un master en auditoría de contas da USC como formación complementaria que achegou coa solicitude e non fora valorado. O master presenta asignaturas como “análise económico financeiro e patrimonial, contabilidade xeral, contabilidade de xestión, control interno...” este tribunal considera que están directamente relacionadas coas funcións da dirección que figuran na base segunda das bases de selección do proceso selectivo. Alegación estimada. 658 horas son 0.66 puntos. Ao 65% a candidata incrementa a súa puntuación global en 0,43 puntos. Pasa de 7,82 a 8,25 puntos na puntuación total.

PÉREZ ALVAREZ, MARÍA DOLORES- Solicita que se valore un master de profesor experto como titulación complementaria, o master xa foi valorado como formación complementaria, como titulación complementaria so se valoran títulos de diplomatura, licenciatura ou grao universitarios ou títulos de formación profesional, os masters valóranse como formación complementaria, tal e como está indicado nas bases do proceso selectivo. Solicita se revise a valoración da súa experiencia profesional e se descuenten os meses de dirección necesarios para o acceso da experiencia en empresa privada. O tribunal xa valorou a súa experiencia desta maneira na primeira ocasión. Revisada a valoración obtén a mesma puntuación. Alegación desestimada.

TITORÍA.

MENDEZ DIZ, MANUEL.- Solicita se lle valore un título de técnico especialista en informática de xestión como titulación complementaria. Este tribunal non considera que a titulación estea directamente relacionada coas funcións da titoría que figuran na base segunda das bases de selección do proceso selectivo. Alegación desestimada.



DOCENCIA SERVIZOS DE RESTAURANTE BAR.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, NABOR.- Solicita se revise a puntuación que obtén na valoración da entrevista persoal. O tribunal decide outorgar a mesma puntuación e desexa aclarar que en todo momento tentou valorar as capacidades e destrezas para o posto que o candidato amosou na entrevista, en comparación coas amosadas polas outras persoas candidatas aspirantes, non tendo en ningún momento ánimo discriminatorio algún.

En consecuencia o tribunal acorda os seguintes resultados definitivos para cada un dos postos convocados:

POSTO: DIRECTORA

	APELIDOS E NOME	Puntuación total
Titular	LAGO PORTELA, MARÍA JOSE	8.25
1º suplente	PÉREZ ALVAREZ, Ma DOLORES	7.81
2º suplente	BLANCO LAGO, ESMERALDA	7.70

POSTO: TITORA

	APELIDOS E NOME	Puntuación total
Titular	VILAS MARTÍNEZ, BIBIANA	9.12
1º suplente	RODRÍGUEZ CORES, Mº ADELAIDA	7.51
2º suplente	COELLO DÍEZ, ROSA Mª	6.75
3º suplente	MENDEZ DIZ, MANUEL	5.07

POSTO: DOCENTE COCIÑA

	APELIDOS E NOME	Puntuación total
Titular	RODRIGUEZ CERDEIRA, MARÍA LUZ	8.63
1º suplente	CAL FERNANDEZ, SILVIA	4.26

POSTO: DOCENTE SERVIZOS DE RESTAURANTE E BAR.

	APELIDOS E NOME	Puntuación total
Titular	GONZÁLEZ GONZÁLEZ, NABOR	7.63
1º suplente	LEGIDO GARCÍA-GARABAL, NICOLÁS	5.92
2º suplente	CAL FERNÁNDEZ, SILVIA	4.85



POSTO: ADMINISTRATIVO/A.

	APELIDOS E NOME	Puntuación total
Titular	RODRÍGUEZ GÓMEZ, VANESSA	8,45
1º suplente	COSTAS PÉREZ, SONIA	7,77
2º suplente	BERNARDO CARVALHO, RAQUEL	7,70
3º suplente	HONORATO CAVADAS, M ^a ADRIANA	7,28
4º suplente	SAYÁNS LÓPEZ. LUIS	4,7

A secretaría do tribunal.

